

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), por medio dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á **necesidade de que se aprobe o Regulamento da Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria**.

Exposición de motivos

O Grupo Parlamentario de AGE xa esixiu, a través de diversas iniciativas, que o executivo galego e o do estado cumpran coa súa responsabilidade como gobernos democráticos e garantan o dereito de asilo das persoas refuxiadas e concedan protección internacional, así como a salvagarda dos dereitos humanos máis elementais, coma o dereito á vida e á dignidade.

No Estado español déronse 4.485 solicitudes no 2013 e 5.947 solicitudes no 2014, datos que están moi lonxe das que se suceden noutros estados membro da Unión Europea (por poñer un exemplo, no ano 2013 houbo 126.705 solicitudes en Alemaña e 66.265 en Francia), onde se producen máis solicitudes. E, no entanto, o estado español é, de lonxe, o máis restritivo, o que menos estatuto de refuxiado concede. Así, no 2014, das 5.947 solicitudes só concedeu 384, mentres que no mesmo ano en Alemaña se concederon 33.310 e en Francia 12.020. O propio ministro de interior a finais de setembro de 2015 anunciaba que, con independencia das cotas correspondentes a persoas refuxiadas procedentes, principalmente de Siria, serían 18.000 as solicitudes neste 2016.

No ano 2009, o Estado español aprobou a **Lei 12/2009 de 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria**, e máis de 5 anos despois aínda non se aprobou o Regulamento que a debe desenvolver. Un Regulamento que foi traballado coas achegas das organizacións non gubernamentais especializadas e que se proguntan pola demora da súa aprobación. Non facelo implica dificultar moitísimo aspectos cruciais para as persoas como son o reagrupamento familiar, a eliminación da

discrecionalidade dos funcionarios de embaixadas e consulados (manifesta no artigo 38 da Lei) para que sexan realmente garantes do dereito de asilo e se definan as condicións de acceso á protección, sendo importante que se manteña a posibilidade de que persoas refuxiadas e recoñecidas por ACNUR podan ser trasladadas a España cando a súa situación estea en risco nun terceiro país. Do mesmo xeito, entroutros aspectos, a aplicación dos prazos no procedemento en fronteira e nos centros de internamento, así como os criterios en relación coas razóns humanitarias. No mesmo sentido, a Comisión Española de Axuda ao Refuxiado (CEAR) solicita que se desenvolva o artigo 46 da Lei de Asilo con respecto ás persoas en situación de especial vulnerabilidade e a necesidade dun tratamento diferenciado, que hoxe non existe. Falamos de menores, menores non acompañados, persoas con diversidade funcional, persoas de idade avanzada, mulleres embarazadas, familias monoarentais con menores de idade, persoas que sufreron torturas, violacións ou demais formas de violencia psicolóxica ou física ou sexual e vítimas de trata de seres humanos.

Por todo o exposto, este grupo parlamentario formula a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento no Pleno:

- O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a que requira ante o goberno central a aprobación do Regulamento de Asilo que desenvolva a Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria, mantendo as achegas realizadas polas organizacións non gubernamentais especializadas no tocante a aspectos tan importantes como a reagrupación familiar, a eliminación da discrecionalidade do artigo 38, o desenvolvemento do artigo 46, así como os outros feitos enunciados na parte expositiva desta proposición non de lei.

En Compostela, a 4 de febreiro de 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso



Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 04/02/2016 14:08:41

Ramón Vázquez Díaz na data 04/02/2016 14:08:46

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 04/02/2016 14:08:51

Eva Solla Fernández na data 04/02/2016 14:08:53

Anton Sánchez García na data 04/02/2016 14:08:57

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 04/02/2016 14:08:59